



# Observatorio da **Sostibilidade da Cultura Escrita**

Xullo 2023



## Introdución

O Observatorio da Sostibilidade da Cultura Escrita é unha iniciativa do sector editorial representado por CEDRO. O seu obxectivo é levar a cabo unha análise da situación dos dereitos de autoría do sector editorial en España, co fin de informar e promover os cambios necesarios que garantan a sostibilidade deste sector, cuxa achega ao PIB representa, de xeito aproximado e no seu conxunto, un 1 %. A industria editorial española é a terceira a nivel internacional con maior cota estranxeira de mercado (11,4 %), só por detrás de Canadá (36,6 %) e Reino Unido (35,1 %), segundo datos de 2020 da World Intellectual Property Organization (WIPO, Organización Mundial da Propiedade Intelectual).

Para a elaboración deste Observatorio utilizáronse os resultados e as conclusións recollidas no estudo *Análise comparativa da situación dos dereitos de autoría por usos secundarios dos contidos editoriais en Europa*, dirixido polo profesor Julio Cerviño, do Departamento de Economía da Empresa da Universidade Carlos III, e o informe *Piratería en liña de contidos editoriais en español*, dirixido por Héctor Jiménez, director executivo de Qbo Investigación y Estrategia.

De ambos os dous estudos despréndese que o sector editorial español sofre unha situación de desvantaxe competitiva fronte a Europa no que se refire aos dereitos de autoría xerados pola **reutilización** –fotocopia, dixitalización, comunicación pública, reprodución, compartición, etc.– dos libros, xornais, revistas e partituras, situación á que se engade o crecemento do roubo de contidos editoriais en castelán, nomeadamente agora cos servizos de mensaxería, como WhatsApp, que se converteu na principal canle de acceso ilegal a obras editoriais. **Este escenario compromete a sostibilidade da cultura escrita e a saúde democrática en España.**

0 mercado legal: remuneración  
pola reutilización de contidos  
editoriais en Europa

01





## Impactos derivados da non retribución dos dereitos de autoría

A análise da situación dos dereitos de autoría xerados pola reutilización de libros, xornais, revistas e partituras *Análise comparativa da situación dos dereitos de autoría por usos secundarios dos contidos editoriais en Europa* foi dirixida polo profesor Julio Cerviño, do Departamento de Economía da Empresa da Universidade Carlos III. Neste estudo analízase e cuantifícase a **desvantaxe competitiva que sofre o sector da cultura escrita en España** debido á falta de remuneración pola reutilización das súas obras.

De feito, a situación de España, en termos comparativos, é manifestamente deficiente, sendo a fonte esencial desta circunstancia a falta de remuneración destes dereitos de propiedade intelectual.

Por tanto, e a pesar de que os titulares de dereitos fixeron o esforzo de facilitar a reutilización dos seus contidos a un prezo moi asequíbel, dado que as súas tarifas están por debaixo da media europea, **os dereitos de autoría de autores e editores españois non se están recoñecendo nin remunerando axeitadamente.**

Todo iso provoca que a industria editorial española se atope nun escenario de **desvantaxe competitiva** a respecto dos seus homólogos europeos, comprometendo a sostibilidade da cultura escrita, que é o alicerce dunha democracia sólida:



## Impactos derivados da non retribución dos dereitos de autoría

### Perda de ingresos

Se non se abona a remuneración pola reutilización das súas obras, os titulares de dereitos non poden obter ingresos no mercado de usos secundarios (reutilización de contidos), mais pola venda das súas obras tampoco reciben ingresos no mercado de usos secundarios.

### Menor investimento

Se non perciben ingresos polas obras, haberá menos investimento para a creación de novos títulos, o que ademais pode levar a unha redución da cantidade e calidade de contidos, co seu conseguinte impacto educativo, cultural, económico, democrático...

### Redución de postos de traballo

Isto tería un efecto negativo na economía do país e na calidade de vida das persoas que traballan no sector.

### Menor protección dos dereitos de autoría

Se non se remunera aos titulares polos usos das súas obras, estes poderían ter menos recursos para facer cumprir os seus dereitos de autoría, o que podería aumentar os usos non autorizados (roubo de contidos).

### Perda de competitividade

Se nos países da contorna se remunera a utilización secundaria das obras, no país onde non se dea esta situación os titulares de dereitos non poden competir en igualdade de condicións con outros países.

### Menor investimento en tecnoloxía e desenvolvemento dixital

Os creadores do país onde non se remuneren acadamente os dereitos de autoría disporán de menos recursos para estar actualizados en termos de tecnoloxía e produción, o que podería aumentar a fenda coas industrias doutros países.

### Dificultades para atraer a autores

Se no país non se retribúen os usos secundarios das obras, os creadores poden optar por publicar naqueles países onde si se dea esta situación. Isto xeraría unha diminución de novos títulos e unha menor variedade de autores.

### Menor investimento en educación e cultura

A non remuneración pola reutilización de contidos editoriais implica un menor investimento para a xeración de contidos culturais e educativos no país, o que podería afectar negativamente ao seu desenvolvemento social e económico.





## Tarifas máis asequíbeis

Os titulares de dereitos en España facilitan a reutilización das súas obras, ofrecendo un prezo moi accesíbel para a súa reutilización.

A taxa media en España de reutilización de contidos editoriais é un 38,25% máis baixa que a media europea (ponderada a paridade de poder adquisitivo). Isto implica que, por cada euro que se abona en Europa, en España abónanse 0,61 €, sempre e cando se dea unha situación de pleno cumprimento do pagamento dos dereitos de autoría pola reutilización dos libros, xornais, revistas e partituras.

Así, mesmo nun escenario de cumprimento total por parte dos usuarios de contidos, a recadación para estes usos en España continuaría sendo inferior ao resto de países da contorna europea.

Os países europeos adaptáronse de forma distinta á necesidade de remunerar adecuadamente aos titulares de dereitos polo uso das súas obras, polo que se estableceu unha comparación con aqueles países que presentan un modelo retributivo similar ao caso español: Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Noruega, Países Baixos, Reino Unido, Suecia e Suíza.

	 España	 Media europea (Sen España)	Variación
<b>Administracións públicas</b>	10,31 €	10,07 €	2,38 %
<b>Primaria</b>	2,16 €	5,57 €	-61,22 %
<b>Secundaria</b>	3,34 €	6,60 €	-49,39 %
<b>Formación de idiomas</b>	2,10 €	6,70 €	-68,66 %
<b>Ensino musical elemental</b>	5,97 €	6,66 €	-10,36 %
<b>Ensino musical medio – físico</b>	6,27 €	7,22 €	-13,16 %
<b>Ensino musical superior –físico</b>	6,47 €	18,05 €	-64,16 %
<b>Ensino musical elemental – ePartitura*</b>	7,81 €	7,75 €	0,77 %
<b>Ensino musical medio – ePartitura*</b>	8,12 €	7,80 €	4,10 %
<b>Ensino musical superior – ePartitura*</b>	8,32 €	30,59 €	-72,80 %
<b>Bibliotecas (copia, escaneado, difusión)</b>	0,06 €	0,17 €	-64,71 %
<b>Bibliotecas (préstamo)</b>	0,003 €	0,110 €	-97,20 %
<b>Universidade**</b>	10,35 €	10,23 €	1,17 %

Fonte: Elaboración propia a partir das tarifas por segmento publicadas e os datos do Banco Mundial

\* No caso da formación musical, non son cantidades comparábeis, dado que as tarifas de CEDRO para a formación musical inclúen, alén da autorización, contido a través de ePartitura, unha aplicación que facilita a partitura en soporte dixital.

\*\* No caso das Universidades, a pesar de que a tarifa aplicábel é a que aparece representada, o habitual é que as universidades españolas abonen unha cantidade pactada con CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas), que xera unha tarifa de 1,79 euros por alumno. Este acordo renóvase periodicamente.

## Remuneración media pola reutilización de contidos editoriais

### Ranking europeo por remuneración media de dereitos de autoría

01		17,76 €	07		2,03 €	13		0,73 €
02		7,31 €	08		1,99 €	14		0,48 €
03		5,86 €	09		1,79 €	15		0,44 €
04		4,17 €	10		1,37 €	16		0,41 €
05		3,61 €	11		1,22 €	17		0,34 €
06		2,79 €	12		1,06 €	18		0,15 €



A remuneración per cápita media dos dereitos de autoría en Europa é de 1,52 €/ano, mentres que en España é de 0,48 €/ano.

Isto implica que, de media, a remuneración dos usuarios pola reutilización de contidos editoriais en Europa é tres veces maior que en España.

Por esta razón, o importe das taxas non é totalmente relevante neste caso, xa que os usuarios dos dereitos non están remunerando aos autores e editores.

Hai un baixo nivel de concienciación sobre a necesidade de remunerar aos creadores e editores da cultura escrita pola reutilización dos seus contidos.

### Un caso especial: a reutilización interna de prensa

Alemaña	Francia	Reino Unido	España
16.600.000,00 €	17.000.000,00 €	44.055.116,40 €	1.221.000,00 €



## A situación do sector público en España

### Por que é importante o cumprimento do sector público en materia de dereitos de autoría?

#### Liderado

Porque o sector público desempeña un papel de liderado á hora de implementar boas prácticas. Se o sector público fai efectivo o cumprimento destes dereitos, a xeito de **espello**, trasladarao ao resto da sociedade.

#### Cumprimento da normativa

Pola **obriga** do sector público de axustarse ás súas propias normativas e procedementos.

#### Desenvolvemento económico e cultural

Pola **responsabilidade** do sector público co desenvolvemento económico e do sector cultural.

### Remuneración do sector público/privado pola reutilización de contidos editoriais a través de licenzas: posíbeis escenarios

Da remuneración que reciben os homólogos europeos, un promedio do **55,82 %** procede do sector público, mentres que en España é do **7,54 %**.

01

Coas **tarifas actuais**, que recada o sector editorial pola reutilización dos seus contidos a través de licenzas de dereitos de autoría?

6,63 millóns de euros, dos que **0,50** son achegados polo sector público.

02

Coas **tarifas actuais**, que ocorrería se o **grao de cumprimento** dos sectores público e privado fose equivalente ao dos países da nosa contorna?

44,67 millóns de euros, dos que **24,93** serían achegados polo sector público.

03

Coa **tarifa media europea**, que ocorrería se o **grao de cumprimento** dos sectores público e privado fose equivalente ao dos países da nosa contorna?

72,34 millóns de euros, dos que **40,38** serían achegados polo sector público.



## Efectos dun incremento da recadación do sector editorial vía dereitos de autoría

Unha remuneración equiparábel aos países europeos por parte do sector privado e do público tería efectos positivos no ámbito editorial e noutros conexos.

- Impacto directo: aumento dos recursos económicos para a industria editorial.
- Impacto indirecto: aumento dos recursos para as industrias adxacentes (provedores).
- Impacto inducido: traslación do aumento destes recursos aos traballadores, que o volven reintroducir na economía.

Alén diso, a Administración percibiría un retorno fiscal de máis de 20 millóns de euros.



Concepto	Impacto	Efecto Fiscal
Impacto Directo	23.770.844,05 €	1.181.648,66 €
Impacto Indirecto	22.406.860,75 €	7142.186,86 €
Impacto Inducido	32.349.905,21 €	11.710.501,21 €
<b>Impacto Total</b>	<b>78.527.610,01 €</b>	<b>20.034.501,21 €</b>

**Efecto Total 98.562.111,22 €**

**Multiplicador Efectivo: 4,1463**

Fonte. Elaboración propia a partir de datos previamente referenciados.

# O mercado ilegal: impacto do roubo de conteúdos editoriais en España

02





## O roubo dixital de contido editorial medra desde 2017

Tal e como establece o informe *Piratería en liña de contidos editoriais en español*, dirixido por Héctor Jiménez, director executivo de Qbo Investigación y Estrategia, o roubo de contidos editoriais tivo unha evolución distinta á do resto dos contidos culturais. Nun principio, esta actividade ilícita baseábase na copia ou impresión de exemplares físicos. Os avances tecnolóxicos trouxeron consigo un incremento desta actividade ilegal que atenta contra a sostibilidade desta industria.

Este informe, que parte de datos obxectivos de tráfico a webs ilícitas que comparten contido editorial e do conxunto de accesos a contidos culturais proporcionados por MUSO (empresa que leva a cabo os estudos da Oficina de Propiedade Intelectual da Unión Europea, EUIPO), pon en evidencia que, **malia os esforzos das industrias editoriais e os creadores e creadoras e as melloras no marco normativo para protexer as obras, o roubo de contidos continúa medrando.**



## O roubo dixital de contido editorial medra desde 2017

O 27,5 % dos accesos a páxinas web ilícitas son de contido editorial, o que supón un crecemento do 59,14 % a respecto de 2021.

### Evolución e proporción dos accesos a webs ilícitas de contidos editoriais a respecto do total

	2022	Cota	2021	Cota	Incremento
<b>Editorial</b>	59,2	27,53 %	37,2	21,10 %	<b>59,14 %</b>
<b>Resto</b>	155,8	72,47 %	139,1	78,90 %	<b>12,01 %</b>
<b>Total</b>	215	100,00 %	176,3	100,00 %	<b>21,95 %</b>

Os internautas castelanfalantes acceden un 15 % máis a páxinas ilícitas que o resto dos usuarios doutros estados.

### Intensidade de accesos por país

País	Visitas a webs editoriais	Internautas totais	Accesos por internauta
<b>Países castelanfalantes</b>	1.150.022.033	237.190.000	4,85
<b>Resto</b>	14.930.211.267	3.543.737.000	4,21
<b>Total</b>	16.080.233.270	3.780.927.000	4,25
<b>Proporción</b>	8 %	7 %	115 %
<b>Cota sobre o total</b>			
<b>Castelanfalantes</b>	7 %	6 %	114 %
<b>Resto</b>	93 %	94 %	99 %




## As hipóteses

Para dar resposta aos motivos polos que os usuarios acceden de maneira ilícita a contidos editoriais, establécense dúas hipóteses.

### 1. A maior desenvolvemento cultural, máis roubo de contidos editoriais

O nivel de acceso a contidos editoriais ilícitos descende significativamente nos países con menor desenvolvemento cultural cunha correlación do 59,81 %. Isto significa que esta práctica é explicada por un indicador cultural, en consecuencia, xestionábel desde **políticas de concienciación social**.






## As hipóteses

### 2. A maior PIB, máis roubo de contidos editoriais

O coeficiente de correlación entre PIB e acceso a páxinas ilícitas é do 71 %, o que quere dicir que a maior riqueza hai máis consumo ilícito. Isto significa que non se rouban estes contidos por razóns económicas. Alén disto, extráense diferentes conclusións:

- O consumo ilícito é proporcional ao tamaño económico do país.
- As economías fortes xeran demandas culturais fortes.
- Se os países con maior capacidade económica levan a cabo máis políticas antifraude, ditas políticas non son suficientes.

**Visitas a páxinas ilegais e PIB.**





## Factores de comportamento do roubo de contidos

### **Disonancia cognitiva**

Sábese que está mal, pero faise por motivos prácticos.

### **Falta información veraz**

A cidadanía non sabe identificar se o contido editorial que consomen é ilícito.



## Usos non autorizados e criterios ESG: ambiental, social e de gobernación

### **Impacto medioambiental: pegada de carbono**

A piratería xera un incremento innecesario de recursos por parte dos centros de datos, polo que a redución dos índices de piratería de contidos editoriais axudaría a facer máis sostíbeis estes centros e que non entren en conflito co uso de recursos naturais vitais, como é o caso da auga.

### **Impacto social: retroceso en dereitos na cultura escrita**

A Comisión Europea fixou uns criterios para identificar as actividades sostíbeis e socialmente responsábeis, e incluíu o cumprimento dalgunhas normas, como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e o Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais. En ambas as dúas normas recoñécese o dereito e a obriga de respectar e protexer a creación. En concreto, o artigo 15 do Pacto recoñece tres dereitos a toda persoa: a participar na vida cultural; a gozar dos beneficios do progreso científico e das súas aplicacións; e a beneficiarse da protección dos intereses morais e materiais que lle correspondan por razón das producións científicas, literarias ou artísticas de que sexa autora.

O roubo de contidos editoriais vai en contra dos dereitos fundamentais de autoras e editores da cultura escrita a exercerem estes tres dereitos.

### **Impacto na governación empresarial: cumprimento normativo**

O sector público ten responsabilidade co desenvolvemento económico e do sector cultural. Dentro da boa xestión do Goberno corporativo están as súas políticas de cumprimento e a mitigación dos riscos, incluídos os relacionados coa propiedade intelectual. Por tanto, é preciso dispor das autorizacións de dereitos de autoría necesarias para a reutilización de contidos editoriais, así como facer un uso responsábel dos dispositivos da empresa e non usalos para descargar de forma ilícita ditos contidos.



Solucións para reverter a non remuneración pola reutilización de contidos editoriais e o roubo de contidos

03





## Solucións para abordar a non remuneración pola reutilización de contidos editoriais e o roubo de contidos

Coa fin de reverter a desvantaxe competitiva que sofren os autores e editoras da cultura escrita, debido á falta de remuneración dos seus dereitos de propiedade intelectual pola reutilización das súas obras e polo roubo dixital destas, é preciso:

1. **Remunerar** de forma axeitada a reutilización dos contidos e que sexa a Administración pública a que **lidere** este proceso, tal e como sucede nos países da nosa contorna.
2. Dispor dun organismo na Administración con facultades e recursos para levar a cabo a supervisión e o **control** do cumprimento da normativa de Propiedade Intelectual en todos os sectores, privados e públicos, como sucede en países como Francia.
3. Impulsar medidas legislativas dirixidas á loita contra a **piratería**, promovendo mecanismos que permitan actuar de xeito dilixente e áxil no ámbito das plataformas tecnolóxicas, incluídos os servizos de mensaxería como WhatsApp.
4. Adecuar a **remuneración** de maneira paulatina á media europea.
5. **Educar e formar** en boas prácticas sobre a propiedade intelectual cos recursos existentes en todos os ámbitos da sociedade, nomeadamente na comunidade educativa.